

## **ALERTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA**

**DATA DE ENVIO: 03/02/2017**

**TIPOLOXÍA: VENTO**

ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN NO NIVEL DE ALERTA.

**NIVEL DE ALERTA: LARANXA**

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) informa, no boletín emitido o día 03/02/2017 ás 10:51 horas, dun fenómeno meteorolóxico adverso por VENTO que se iniciará ás 18:00 horas do día 03/02/2017 no ámbito de toda a Comunidade Autónoma de Galicia, con rachas máximas de 110 a 130 km/h.

A Dirección xeral de Emerxencias e Interior, en previsión destes feitos, **RECOMENDA:**

- Retirar todos os obxectos que poidan caer á rúa desde tellados, balcóns e fiestras, así como pechar e asegurar ben as portas, as fiestras e as persianas.
- Camiñar preto das fachadas dos edificios e vixiar a posible caída de obxectos.
- Evitar pasar preto de edificios ruinosos, árbores, paneis publicitarios, andamios e obxectos que poida derrubar o vento.
- En caso de ter que usar o vehículo informarse antes do estado das estradas e circular con precaución, especialmente nos adiantamentos de autobuses e camións, polo forte impacto do vento que se xera.
- Non utilizar vehículos lixeiros nin de pouca estabilidade (bicicletas, ciclomotores).
- En caso de ter que deixar o vehículo na rúa, aparcalo nun lugar protexido do vento e ben inmovilizado.
- Se dispón dunha embarcación, procure revisar o amarre antes da chegada do temporal.
- Manter e reforzar os seus servizos de emerxencias e mantemento de servizos esenciais en apoio á poboación.
- Todas as medidas que, de acordo coa avaliación de riscos desa entidade, foran necesarias para minimizar os riscos á poboación.
- Ante calquera emerxencia chame ao teléfono 1-1-2.

POLO QUE A DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR COMUNÍCALLES, QUE, EN PREVISIÓN DESTES FEITOS: Adopten as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e no seu caso ALERTEN ou MOBILICEN ós medios e recursos dispoñibles

Ante calquera emerxencia chame ó 112

- No caso de precisar información máis puntual ou detallada, chame ao CENTRO DE ATENCIÓN DE EMERXENCIAS 112 GALICIA, ou consulte a páxina web da AEMET: [www.aemet.es](http://www.aemet.es), do CAE 112: [www.axega112.org](http://www.axega112.org) e de Meteogalicia: [www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)